

Outra vez coa ofiolatría: dous achádegos interesantes

POR

Modesto Rodríguez Figueiredo

O río Lérez é cabeza e feitor da ría á que da nome a miña «boa vila» de Pontevedra. E cando a correnteza fluvial anda polo treito anterior ó derradeiro, entón discurre profundada antre fardelos de montana, que devalan abaixando das terras de Coto-bade, pola esquerda, e das de Campo Lameiro, pola dereita.

E nese banzo, que vai dende o outo da Abeleira hastra Gargallóns e os Xeves, polas costaneiras de unha e outra orela hai o máis comprido ricaz de insculturas do nordoccidente peninsuar.

Son os petroglifos radicados nas freguesias de Viascón, de San Xurxo e Santa María de Sacos, por unha banda, e, pola outra, nas Fragas, Campo Lameiro, Moimenta, Fentáns e San Isidro de Montes.

A referencia de isas rascaduras enche boa parte do «Corpus Petroglyphorum Gallaeciae» de Sobrino Buhigas, elas chamaron atención de López Cuevillas, Fermín Bouza-Brei, Obermaier, Filgueira Valverde, Anatti e longa ringleira de estudiosos; e, nos vráns dos anos 1969, 1970 e 1971, foron tarefa catalogadora do equipo italián especializado de Pinerolo, coa rexencia do Dr. Cesare Giulio Borgna.

Nesas últimas xeiras estivo a colabouración do Seminario de Estudos Galegos — hoxe bautizado como Instituto P. Sarmiento —, a traveso da súa sección de Prehistoria, E nalgunhas das xornadas tamén tomou afervoadada presenza o que suscribe, co escrusivo merecemento de simple amizade.

E, polo que eiquí importa, esamináronse dúas graburas, das que, con licencia e parte de material gráfico facilitado polos indicados investigadores estranxeiros, pasamos a dar comento.

Pedra da Serpe. — Está no curuto rematador de un altorelo que se ergue a media légoa, en liña recta hacia o Norde, da localidade de Campo Lameiro, cabeza da parroquia e capitalidade do concello homónimo, prósimo xa da lindancia coa demarcación administrativa de Moraña.

O monte é o outeiro de Penalba, aguzado e inzado por tódalas márxenes en altitude sobor do val de máis de cento cincuenta metros, agás a do Oeste, que é por onde acha entrada natural. Nesta dirección, despois de unha chaira de un medio quilómetro, róbese ó castro nomeado Castelo de Cosoirado.

O de Penalba é outro castro, con tres murallóns sucesivos de defensa perfectamente configurados. No chan de il cristianóuse o lugar con capela adicada ó Santo Antón. E dende a dianteira da eirexiña, empenando un chisco de vinte metros, chégase á «Pedra da Serpe», que fai o cumio do concreto escenario xeolóxico.

Abondan alí as penedías, quer abultadas ou ben en laxe, pro soilo unha aparez insculturada.

Costitúese por unha pedra en lombo conveso e con outura de 2,20 m pola cara do ocidente. Pola do Nacente foi partida adrede, quedando un lenzo aberto de enriba hastra abaixo, con longura hourizontal máxima de 3,23 m e con un alto, tamén máximo, de 1,85 m. O arco ou lombo oferta dimensión, de punta a punta, de 5,40 m (Fig. 1).

Esta faciana cencenada por obra humán ten lixeira incrinazón, máis saínte á parte de baixo, como buscando que seña atestada polo Sol tan logo se abre a nacencia do día.

E nesa superficie aplainada, indo Suloeste superior a Norleste inferior, grabáronse dúas serpes parellas, separadas, a nivel do resto libre da pedra, por unha pestana, que ten, antre as cabezas das bechas, ancho de 2,5 cm, engrosándose logo hastra 5 cm (Fig. 2).

Non describimos o dibuxo das representacións, porque decátase nidiamente nas reproducións fotográficas.

As respectives medidas son:

Serpente primeira ou de enriba: trinco da cabeza, 25 cm; torada a seguir, 24 cm; terceira torada, 24 cm; coarta, 38 cm; e resto, hastra punta da cauda, 90 cm. En total, dous metros e un centímetro.

O ancho da cabeza e da seición que se lle engade é de 13 cm. E continúa e así hastra o remate.

As profundacións son: na cabeza, 3,5 cm, mantendo rebaxe uniforme deica o final, onde queda no orde de 3 cm.

Serpe segunda: a cabeza e primeiro trinco esténdese 43 cm. O segundo trinco, que é recto, 25 cm; o terceiro, 50 cm; e dende alí hastra o final, co «ese» da cauda, 95 cm. En xunto, dous metros con nove centímetros.

O ancho da cabeza ten grafía superior triangular, cuio vértice queda da liña inferior a 19 cm; despois sigue con 23 cm e fina en 7 cm.

A fondura da cabeza é maior que a da outra, pois chega a 7 cm. O corpo vai por 5 cm e a cauda cáseque en 4 cm.

Aparte das representacións animais, á mau esquerda de elas —direita asegún se mira— e hacia o centro do penedo, correspondéndose con proximidade dos treitos polos que decenden os corpos serpentiformes, apercébense catro graburas indeterminadas (Fig. 3).

Duas hourizontaes e anchas, que o povo chama os «ovos da serpe» e os «pes do Santo», isto cecais por tradición igoal ó relato que García de la Riega conta de Gundamil. As outras graburas, por debaixo das anteriores, máis estreitas e como cruzadas por riscos verticaes, con someira recendencia a insculturas en xeito cruciforme (Fig. 3).

O sitema de feitoría de todo o conxunto foi por polimento e os sulcos outeñidos son en maneira de «u».

Serpente da «Pedra de A Beillosa».

Queda no monte da Fontenla, por detrás da parroquia de Santa Mariña de «As Fragas, concello de Campo Lameiro.

Dende as últimas casas do lugar hai que rubir tres coartos pasadas de légoa, por camiño empeitado, en roteiro do Suloucidente.

E chegase á «Cerrada de Chaveira»; retratada na lámina 28 do «Corpus Petroglyphorum Gallaeciae», e que vai reproducida na Fig. 4.

O autor de iste traballo chámalle á estazón «Pedra da Bullosa», mote con que se coñece en tódalas referencias a partir de entón.

Non embargante, antre os povoadores da parroquia noméaselle como «Pedra da Boullosa» e «Pedra de A Beillosa». Con este apelative miréi reseña esquirta en documento de partixas do ano 1854, conservado dos seus devanceiros por Constantino Graña Cancela, veciño da dita «As Fragas».

A penedía está brandidamente insculturada, cal amosan as reproducións núms. 30 ó 38, incrusives, do libro de Sobrino (Figs. 5 a 8).

Emporiso do traballo e do inquérito ciumoso de ise investigador, il non atopou á serpe.

Ofertámola na fotografía da Fig. 9.

Está dibuxada en catro tramos, de enriba pra baixo, descendo ó carón da incrinazón da laxe, coa cabeza na parte superior. Esta — a cachela — arremata en forma arredondeada, inaque na reprodución ese pormenor se non aprecie con claridade.

O tranco da cabeza e o anaco a seguir ten lonxitude de 1,01 m; o segundo, de 1,38 m, acomodado á ondulación cóncava da penedía; o terceiro, de 88 cm; e o remate, de 1,55 m. En xunto, estensa catro metros e oitenta e dous centímetros.

É, sin dúbida, a representación da crás máis longa das que se posei noticia.

O ancho do trinco primeiro é de 22 cm, o segundo de 12,5 cm, o terceiro de 13 cm e o carto de 14 cm.

Advertimos que a fotografía non refrexa con esaititude ataes circunstáneas, pola dificultade de orgaizar maneira de perspetiva doada, habida conta das irregularidás e cortaduras da laxe.

A figura está riscada en profundidade un centímetro escaso, o mesmo que as liñas cruzadas e incrinadas coas que se quixo arrepresentar, en todo o corpo, a amaña da pele.

Ten, pois, tamén esta singularidade, que é única no acervo limitado das nosas pescudas, sempre cinguidas á Galiza e ó Norde de Portugal.

A pelica fórmase, asegún sexa o ancho do toro respetive, con series de tres ou catro lóbulos máis outos, a ras da pedra en toda a extensión da becha.

Pra debida intelixencia, repárese en que o contraste empregado enche de branco ás partes abultadas e deixa en escuro ós riscos fondos.

A repetida laxe de situación dirixe pró nacente do Sol e aséntase nunha pequena valgada de brenza montesía, como a setecentos metros do fio da serra da Fontenla, en cuia cima houbo «habitat» prehistórico, do que se ten recollido algunha cerámica castrexa, chamado o Castro da Anduriña. No Poente de il consérvase unha pedra «faladoira», que as xentes apelidan «Campá da Anduriña» (Figs. 10 e 11).

Toda a grafía serpentiforme está labrada a pico e sin polimentar, o igual que tres representacións cruciformes que se superpuxeron nela preto do artello do segundo co terceiro trinco. E deliñamentos cruciformes de ise estilo espállanse no resto da laxe, namentras que o demáis nela contido está traballado, con poucas esceicións, en brunido.

A localización da serpe queda á dereita, conforme se olla, de A Beillosa, imediata e cáseque paralela ó valado de rebos con que se demarca a «Cerrada de Chaveira».

Sobrino Buhigas tampouco alcontróu coarenta e nove coviñas, percisamente pola parte baixa da cóbrega, a un metro de distancia da cauda. Moitas de elas estaban tapadas con tona de monte (Fig. 12).

Coidamos ser dato de importáncia.

Ises puciños ou cazoletas ocupan unha área de 2,25 m de longo por 1,10 m de ancho. Neste espacio non hai ningún tipo de outras insculturas, como tamén os deseños arrematan todos á esquerda da serpe, a non ser un círculo que queda á destra — mirando pró sitio — do tranco do rabo.

As coviñas teñen medidas dispares entre 8 cm de diámetro e 3 cm de fondura — a máis grande — e 2,5 cm de ancho e 2 cm de fondura — a máis pequena.

Aparte das agora por nós decatadas, no resto da penedia, que ten superficie de sesenta e dous metros coadrados, non se cuservan outras coviñas.

Temos por creto persoal que a serpe de A Beilosa non arrepresenta unha serpente, senón a pelexa aberta de ise ofidio. Matina nese parecer o ancho sensiblemente uniforme de toda a inscultura, o redondío da cabeza, o maior grosor de ésta e da parte do buche e a falla de aguzamento na cauda (Fig. 9).

En «As Fragas» se non conserva lenda niñunha encol da serpe de A Beilosa.

En tocantes a ese leiro, somentes dise que no gorgullón de Santa Mariña, que axurra á veira dos casaes estremeiros denantes de entrar na corredeira que leva ó monte da Fontela, escóndese unha principesa moura encantada en serpente, que se apresenta polas amañecidas con unha frol na boca.

Garda unha galiña imorrente, que pon a cotío ovos de ouro.

Quen fose arriscado de bicarlle os beizos á serpe, tornaríaa muller e recibiría o galano da galiña e os sinais do carreiro que conduz ó aposentamento da trabe de tamén ouro do castro da Anduriña.

Por certo que nesa fonte mollábanselle os pes a unha imaxe da Padroeira da parroquia, traída en rogativa sendo perciso tempero de chuvia prós agros. Si a necesidade fose de bon tempo e pechadura de invernia, trocábase a cirimonia metendo na iauga á cabeza de Santa Mariña.

A Pedra de Penalba ofertou mellor froito etnográfico.

Non lonxe, á metade de camiño hastra a celebre penedia da Rotea de Mendes, xurde outra fonte con tamén moura fadada en arrepresentación de serpe, velando á inevitáble galiña dos ovos de ouro e a un berce do mesmo metal, que é a reprodución do que se estima ídolo insculturado nesa laxe de Rotea, na que son de notar os cervos, meirandemente o que opón cornamento de trece anos nunha belida figurazón que moito se considera polo acabado do seu deseño.

Na fonte da Mina á becha hai que darlle aperta cos dous brazos e beixarlle no bico e na punta do rabo, que en amas dependura frol.

E, dentro do carís que indagamos do tema ofiolátrico, por testemuña de Don Xosé González Peña, nado en Moimenta, do propio concello de Campo Lameiro, recibín informe de que lle ouvira á súa aboa, e que o profesan outras persoas vedrañas, que os casados sin fillos heberían de ir de noite á Penalba, levando un coartillo de leite sin ferver e munxido de vaca que estivese criando becerro.

Non me soupo espricar ren do cirimonial, pro seica a receta aíña era aconsellada no ano do 1942 polo Señor Manoel da Atalaia de Viascón, que tiña sona de «sabio».

De resultas de ises choios fálase de varias xentes que naceron despois de tempadas longas de esterilidade das nais.

I é curidoso que ó Santo Antón da capela de Penalba, apesares de non ser o de apelative Abade, senón o de Padua, garántese como abogoso pra preñez do gando, conseguimento e conservación de fillase animal, maormentes tratándose de vacas e de porcas.

O prestixio nese senso e a obriga de cumprimento das ofertas polo favor recibido abrangue por toda a redondía e chega a Soutelo de Montes, concello de Forcarei, a Tabeirós e ós Lérez de Pontevedra; moradías que imponen deica ó santuario xornadas que sobrepasan de un medio día.

Poidérase enxergar un traslado e ampliación de culto antergo, cristianado asegún a crásica usanza relixiosa, e pervivindo a idea-zón ofiolátrica con diretriz de fecundidade.

Porque nese eido entendemos que se debe orientar vertente.

Nós temos recollido algúns datos que nos parecen reveladores.

No adro da eirexa de Simes, concello de Meaño, provincia de Pontevedra e bisbarra do rebordo esquerdo do Salnés cando o río Umia está pra chegar ao mar, hai varios cruceiros. Un de iles, que é o segundeiro entrando, ten no varal unha grande serpe isolada i en relevo.

Os matrimonios que non conqueriron decendencia han de ir tres noites seguidas ó cruceiro, sin que hastra logo de ise tempo deban axuntar os seus corpos.

Na freguesía de Fisterra, provincia da Cruña, érguese unha ermida que o cardeal compostelán Xerome del Hoyo describe así:

«En la halda del monte hasta la villa y luego hacia riva como un tiro de Vallesta está la iglesia y allá en lo alto está una hermita que dizen de San Guillermo. Este Santo vivió en esta hermita y dizen que trayendo una pipa de vino la desembarcó por do está el altar y queriéndola subir a do está la hermita dizen que llegó el demonio y so color de quererle ayudar pretendió echársela a cuestras y con ella matarle y echarle a la mar, pero libróle Dios — ... questá en lo alto del monte donde se muestra un sepulcro de piedra al lado del Epístola, donde dizen estava el cuerpo del santo y que los franceses bretones, quando saquearon esta villa se lo llevaron y un braço del mismo guarnecido de plata que tenían abaxo en la iglesia».

Alguén afiuzza que o cabaleiro hungárico Xurxo de Grissapaham, soldado en Nápoles co seu rei Lois e pelegriño de Santiago no século XIV, fixo de primeiro santeiro da capela. Esta parez que áchase adicada ó Santo Guillerme de Aquitania, identificado pra Galiza no Don Gaiferos de Mormaltán do romance

*«A ónde irá aquel romeiro,
meu romeiro, a ónde irá?
Camiño de Compostela,
non sei si alí chegará.
Os pes leva cheos de sangue,
e non pode máis andar.
Mal pocado, probe velto,
non sei si alí chegará!
Ten longas e brancas barbas,
ollos de doce mirar,
ollos garzos, leonados,
verdes como auga de mar.*

.....

O monte, que arremata faguendo ó Cabo de Fisterra, enténdese coincidindo co Promontorio Nerio.

Nos resios da capela praiticábase rito descrito polo P. Sarmiento e recollido por Murguía:

«Nos referimos a la virtud de que creían adornadas algunas rocas de hacer fecundas a las mujeres estériles. Cítalas el P. Sarmiento y dice que una de ellas estaba al pie de la ermita de San Guillermo de Finisterre, señal de que la iglesia, no pudiendo desde un principio destruir la superstición a ella adherida, la tomó bajo su amparo. Era como pila o cama de piedra, en la cual se echaban a dormir marido y mujer que por estériles recurrían al Santo, y en aquella ermita y allí delante del Santo engendraban, y por ser cosa indecorosa se mandó, por visita episcopal, quitar aquella gran piedra, pilón o cama, y se quitó el concurso».

A xenreira levítica seica se produxo polas artes do redicido visitador Hoyo, na primeira metade do século XVII, sendo arcebispo xacobeu Don Masimiliano de Austria.

Non embargantes, o costume non desapareceu. No ano de 1968 percorremos con intensidade a zona, e a un coaxutor — home novo, que aitalmente rexenta outro destiño e que non anceia que o seu nome seña mentado — preocupáballe que noutra laxe arumbábanse o marido e a súa dona códega co gallo da preñadura. I ese crego enteirárase que, na faena, a muller tiña de poñerse sobor de unha pele de serpe estendida na pedra e con coidado de que lle cadrase pola rexión anatómica dos riles.

Traballaba eu entón nun caso da miña aitividade forense, tendo contaito con centos de habitantes do alfoz en ocasión de reclamacións escontra de unha frábica de Cée, dimañadas de doenzas silicóticas e manganésicas. E, aporveitando pra perguntar na teima, atopéi once viciños de Ézaro, de Dumbría, de Bréns, de Castrelo e de Sardiñeiro que foran nados con intervenzón do Santo Guillermo e procreados en riba da pelica.

En Marín, provincia de Pontevedra, e cara á ría, está o edificio da Escola Naval Militar do estado español. Denantes houbo no sitio a «Escuela de Tiro Naval Janer», e dentro do acotamento en que se fixeron as paredes de amos recintos quedou a «Pedra dos Namorados» que había na orella mariña.

Don Calros Paratcha Vázquez, corresponsal do museu pontevedrés, mestre xubilado, distinto erudito e nado no citado Marin, sabe de dous matrimonios do seu tempo que lograron fillos seguindo os consellos de Carmo «A Bolela», que lles recomendara xuntanzas de noite e na atal laxe.

E pescudando no tema, como «A Bolela» xa é morta, houben de axudarme do que lembraron Celestino Villanueva Iglesias, de mote «Bambalúa» i idade de 87 anos, e Manoel de la Iglesia Caeiro, de mote «O Coco» i idade de 93 anos, residentes nos lugares de Rozas e Macenlle, parroquia de San Xulián; quenes anadiron que nesa «Pedra dos Namorados» había a grabura de unha serpe.

Todo enderéitase a un culto e a uns ritos ofiolátricos con xerme e cerne de fecundidade humán. E, de ser probada a irradiación cultural galega deica á Irlanda e, dende eiquí, hastra á Escandinavia, alcontrarían aquéles a súa espresión prehistorica gráfica máis tardeira e acabada na fegura fálica con serpe da Pedra de Vitlycke-Tanum, en terras de Suecia (Fig. 13).

Depois da comunicación do Dr. Modesto Rodriguez Figueiredo, *Outra vez coa ofiolatria: Dous achadegos interesantes*, houve as seguintes intervencións:

Prof. Santos Júnior.

Considera aquele achado do par de serpentes gravadas na Pedra de a Beilosa, de facto interesante, pelo que o seu descubridor merece felicitações bem como pela maneira como aquí expôs o seu estudo sobre as mesmas.

Lembra as muitas superstições em lendas populares alusivas a cobras que intervêm ora como agentes benéficos e protectores ora como daninhas e malignas.

Cuvillas e Bouza-Brey, no seu belo trabalho *Os Oestrinnios, os Saefes e a Ofiolatria*, Coruña, 1929, dizem para a Galiza, como aliás se observa também entre nós, ser verdadeiramente surpreendente o número de lendas castrejas que se referem à

serpente ou em que esta intervém tantas vezes guardadora de grandes tesouros.

Lembra a seguir as seis gravuras serpentiformes do Castro do Baldoeiro, ou «Castrum Baniensium», sobre o qual, com este último título, a «Ilustração Transmontana», publicou em 1910, um belo artigo de Afonso Pereira Cabral. Teve ensejo de publicar, em 1931, nos Comptes-rendus do XV Congresso Internacional de Antropologia e de Arqueologia Pré-histórica celebrado em Portugal (Setembro de 1930) o trabalho *As serpentes gravadas no Castro do Baldoeiro (Moncorvo-Trás-os-Montes)*.

Na Galiza, entre outras, a serpente do *Castro de Troña*, a da *Pedra da Serpente de Gundamil* e as serpentes portuguesas do Baldoeiro levam-nos a pensar na fixação castreja do culto ofiolátrico, hipótese que os estudos etnográficos e folclóricos corroboram e validam e novos documentos virão confirmar.

A descoberta das serpentes gêmeas da *Pedra de Penalba* é mais um documento rupestre a corroborar o parecer de uma fixação castreja do culto ofiolátrico.

Dr. Francisco Gonçalves Carneiro.

O Sr. Dr. Francisco Gonçalves Carneiro, advogado em Chaves, onde tem orientado a instalação do Museu da Região Flaviense na nova sede — referiu a existência de uma serpente fundamente insculpida em rocha granítica, sita à beira do caminho que sai da povoação de Soutelo (conc. de Chaves).

A serpente mede cerca de 2,80 metros e a ela se têm referido alguns arqueólogos. Existem perto algumas *covinhos*.

Apesar de localizada à beira de um caminho público muito concorrido, continua respeitada pelos povos, que a não têm estragado. Não sabe de lendas que se lhe reportem.

Aludiu à existência de serpentes na torre sineira (românica) da igreja de St.^a Maria Maior de Chaves, e na linha da *cachorrada* doutro templo do concelho de Chaves, também de arte românica (S. Julião ou Nogueira, de momento não pôde precisar qual deles).

Perto da serpente de *Soutelo*, fica a rocha granítica de Outeiro Machado; e uma segunda, menos conhecida — ambas com insculpturas, petroglifos.

Ouviu falar de uma lenda popular que se refere a um tesouro guardado em subterrâneo dum castro da região de Chaves, guardado por uma serpente, que não deixa aproximar ninguém.

Bibliografía

- M. MURGUÍA — Galicia — Barcelona, 1883. *História de Galicia* — A Cruña, 1901.
- GARCÍA DE LA RIEGA — *Galicia Antigua* — Pontevedra, 1904.
- LÓPEZ CUEVILLAS e BOUZA-BREY — *Os Oestrinnios, os Saefes e a Ofiolatría* — A Cruña, 1926.
- GUDNITZ, FREE — *Broncealdereus Monumental Kust* — Copenhagen, 1926.
- SANTOS JÚNIOR, JOAQUIM R. DOS — *As serpentes gravadas do castro do Baldoeiro* — Institut International d'Anthropologie, Paris, 1931. *Arte Rupestre*, Porto, 1942.
- PERICOT e PARGA PONDAL — *Castros de los alrededores de Mondariz-Balneario* — La Temporada, Mondariz.
- PERICOT — *La representación serpentiiforme de la citania de Troña* — Guimarães, 1933.
- SOBRINO BUHIGAS — *Corpus Petroglyphorum Gallaeciae* — Santiago, 1935.
- BOUZA-BREY, FERMÍN — *Grabados rupestres serpentiiformes de tierras de Lugo*, Lugo, 1943.
- BOUZA-BREY e SOBRINO LORENZO-RUZA — *El petroglifo del Monte de los Vilares en Puente Cesures (Pontevedra)* — Cuadernos Estudios Gallegos, xi, 1948.
- FILGUEIRA VALVERDE e GARCÍA ALÉN — *La Carta Arqueológica de la Provincia de Pontevedra* — Museo de Pontevedra, vii, 1954-1956.
- LÓPEZ CUEVILLAS e LORENZO FERNÁNDEZ, XAQUÍN — *Unha nova inscultura serpentiiforme da citania de Troña* — B. Real Academia Galega, 321-236, A Cruña, 1957.
- KÜHNH, HERBERT — *El arte rupestre en Europa* — Barcelona, 1957.
- AUGUSTO TAVARES — *Ofiolatría* — O Arqueólogo Português — Lisboa, 1957.
- ANATTI, EMANUEL — *L'Arte Rupestre Gallego-Portuguese. Evolucion e cronologia* — Arquivo de Beja, xiii-xiv, 1966-1967.
- TABOADA CHIVITE — *Etnografía Galega* — Vigo, 1972.




Fig. 1 — Penedia da Serpe de Penalba. A pedra foi cortada de propósito. As serpes, xêmias, están separadas por unha pestana da pedra a nivel da faciana aplainada em que foram feitas.




Fig. 2 — Outra perspetiva das graburas de Penalba.



Fig. 3 — Outra vez o conxunto da Pedra de Penalba, com serpes e os «ovos» de elas, tamén chamados «os pés do Santo».




Fig. 4 — A «Cerrado da Chaveira» cando Sobrino Buhigas perxeñaba ó seu «Corpus Petroglyphorum» Galleciae
Lámina 28 de ise libro.



Fig. 5 — Reprodución da lámina 30 do «Corpus». — A pedra de A Beilosa, que Sobrino chama «Pedra de Bullosa».




Fig. 6 — Reprodución da lámina 33 do «Corpus».



Fig. 7 — Reprodución da lámina 34 do «Corpus».



Fig. 8 — Reprodución da lámina 36 do «Corpus».




Fig. 9 — A serpe de A Beillosa.




Fig. 10 — O Castro da Anduriña onde está a pedra A Beilosa que se vê no primeiro plano.



Fig. 11 — Ollada xeral do pedra A Beillosa.




Fig. 12 — As coarenta e nove coviñas que hai por debaixo da serpe de A Beillosa.



Fig. 13 — O home con falo e a serpe da pedra de Vitlyeke, Tanum, Suécia.